

PROMOCIÓN DA CULTURA CIENTÍFICA

ARMESTO RAMÓN, Constantino

Instituto Illa de Tambo. Marín (Pontevedra)

Cultura científica da poboación europea. O Eurobarómetro do ano 2005 *Europeos, ciencia e tecnoloxía* e a enquisa da percepción social da ciencia, realizada polo FECYT no 2008, proporciónanos interesantes datos: os coñecementos científicos dos europeos son insuficientes e os coñecementos científicos dos españois son inferiores á media; tamén amosan o interese das noticias científicas segundo as idades, o sexo, e a rexión de procedencia da poboación; mostran o interese polas noticias científicas en relación con outro tipo de noticias, e os ámbitos nos que debería ser prioritario o esforzo investigador español.

Argumentos polos que os europeos deben ter unha cultura científica: 1º A ciencia ten un impacto na economía, no emprego e participa no maior ou menor nivel de vida do país; 2º achega benestar á poboación, como calquera outra actividade cultural; 3º os cidadáns asignan, a través dos seus representantes políticos, os recursos económicos que deben destinarse á ciencia e tecnoloxía; e 4º é un factor de crecemento da propia ciencia. Os europeos enfrontámonos con retos como a globalización, o envellecemento da poboación ou a protección do medio ambiente; moitas cidades europeas perden postos de traballo porque as súas fábricas están recolocándose noutros países por diversas razóns, entre elas as económicas e ecolóxicas. A resposta da Unión Europea foi deseñar unha estratexia para o crecemento sostible e a xeración de emprego que contempla: coñecemento e innovación, desenvolvemento do potencial empresarial, investimento no elemento humano e unha economía máis ecolóxica; modernizar a economía da UE abarca varias accións, entre elas: 1º maior atención á investigación científica e innovación; e 2º maior atención á educación para mellorar a capacitación científica e tecnolóxica da poboación. As oportunidades de traballo para os mozos na UE están asociadas á educación; próboas relacións entre a taxa de desemprego e o nivel de educación, e entre a cualificación e a abundancia de traballo.

Divulgación científica. A poboación adulta necesita coñecer -que ten un significado distinto de informar- os avances científicos. O Eurobarómetro do ano 2005 e a enquisa do FECYT do ano 2008, devanditos, proporciónannos datos sobre as institucións máis fiables en información científica; tamén acláranos que a televisión é a fonte principal de información sobre ciencia. A universidade debe desempeñar un importante papel nesta tarefa. A prestixiosa escala da universidade de Shangai, que clasifica as cincocentas mellores universidades do mundo, proporciónanos un instrumento para coñecer a calidade e excelencia das universidades españolas.

Cátedras de Divulgación da Ciencia. Unha das mellores iniciativas para promocionar a cultura científica e achegar a ciencia a poboación levouna a cabo a universidade de Valencia creando, no ano 2002, unha Cátedra de Divulgación e Comunicación Pública da Ciencia. Xestionada polo gabinete de Política Científica da Universidade, non se lle asignou un titular, senón que é un consello asesor o que suxire as actividades e ideas a desenvolver e unha comisión mixta a que se encarga de executalas. É pioneira na Unión Europea, onde unicamente existe un precedente, a *Public Understanding of Science*, na Universidade de Oxford, dirixida por Richard Dawkins, que se inaugurou en 1995.

Efectúa múltiples actividades:

- Convoca concursos para estimular a escritura de textos de divulgación científica: Premio europeo de divulgación científica Estudi General a un libro inédito. Premio VAE de narrativa científica Universitat de València a un libro inédito. Premio Ler sen fronteiras: as dúas mellores reseñas dun libro das coleccións científicas da universidade, escritas por alumnos da educación secundaria obrigatoria e bacharelato. E premio de comunicación científica Joan Lluís Vives aos dous mellores artigos que divulguen ao público unha tese recentemente acabada.
- Edita libros inéditos de divulgación científica en valenciano (34) e español (15) e a revista MÈTODE para transmitir ao público os avances científicos.
- Organiza anualmente unha semana da ciencia: no 2009 con rutas matemáticas, festa no xardín botánico para conmemorar a viaxe de Darwin, talleres de xeoloxía e astronomía, e conferencias en máis de cen institutos de ensino secundario impartidas por profesores da universidade.
- Organiza cursos, ciclos de conferencias, exposicións.